

Resolución da Universidade da Coruña, polo que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a avaliación do compoñente por méritos docentes (quinquenios)

En virtude do establecido no Real decreto 1086/1989, de 28 de agosto (BOE nº 216 do 9 de setembro), sobre retribucións do profesorado universitario (modificado polo RD 1949/95, de 1 de decembro, BOE nº 16, de 18 de xaneiro de 1996, e polo RD 74/2000, de 21 de xaneiro, BOE nº 19, do 22), así como en cumprimento da Normativa de actuación da comisión de avaliación de méritos docentes (Aprobada na Xunta de Goberno do 23 de maio de 2001 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 25 de outubro de 2006 e do 30 de xaneiro de 2019), a Universidade da Coruña resolve o seguinte:

Primeiro.- Poderán solicitar a avaliación da súa actividade docente o persoal docente e investigador (PDI) da Universidade da Coruña que sexa funcionario de carreira, en activo a tempo completo.

Tamén poderá solicitar esta avaliación o PDI que conte cun contrato (indefinido ou temporal) ou nomeamento en vigor e con dedicación a tempo completo a finalización do prazo de presentación de solicitudes nas seguintes categorías:

1. Profesorado contratado doutor
2. Profesorado axudante doutor
3. Profesorado colaborador
4. Profesorado contratado interino de substitución
5. Profesorado interino dos corpos docentes universitarios

Segundo.- A solicitude desta avaliación presentada por primeira vez incluíra toda a actividade docente desenvolvida ata o 31 de decembro de 2020.

Terceiro.- O procedemento de avaliación será o establecido na actualidade na Normativa de actuación da comisión de avaliación de méritos docentes (Aprobada na Xunta de Goberno do 23 de maio de 2001 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 25 de outubro de 2006 e do 30 de xaneiro de 2019). A avaliación realizarase sobre un período de actividade de cinco anos a tempo completo, ou período equivalente a tempo parcial.

Cuarto.- As avaliacións que se produzan como consecuencia deste procedemento xerarán efectos económicos e administrativos dende o 1 de xaneiro de 2021.

Quinto.- O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 31 de decembro de 2020, non se admitirá a trámite ningunha solicitude presentada con posterioridade

A solicitude, en modelo oficial, presentarase na Sede Electrónica ou Rexistro Xeral da UDC, ou ben por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acompañada da seguinte documentación:

1. **De non constar no seu expediente**, deben acreditarse debidamente todas e cada unha das situacións administrativas ou contratos.
2. Informe do Consello de Departamento (debe solicitalo directamente o/a interesado/a no departamento en que desenvólvese a maior parte da actividade a avaliar dentro da UDC)
3. Informe da Xunta de Centro (debe solicitalo directamente o/a interesado/a no centro en que desenvólvese a maior parte da actividade a avaliar dentro da UDC)

Código Seguro De Verificación	TQ21QdGmkgjnbjQ9hv1P/w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	16/11/2020 14:04:57
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/TQ21QdGmkgjnbjQ9hv1P/w==		



Sexto.- Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión de expedientes administrativos de persoal, cálculo de nóminas e Seguridade Social e xestión de persoal.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

O correo da Delegada de Protección de Datos da UDC é dpd@udc.gal

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación; neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mencionado no parágrafo anterior ata que non exista un resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña,
O reitor
PD (RR 14/01/2020)
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	TQ21QdGmkgjnbjQ9hv1P/w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	16/11/2020 14:04:57
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/TQ21QdGmkgjnbjQ9hv1P/w==		

